



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA DARLLE PULO Á CONSTRUCCIÓN DO MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal moción para darlle pulo á construción do monumento ás vítimas do franquismo.

Exposición de motivos

Dende mediados do ano 2016 investigadores, axentes sociais, familiares de represaliados/as polo franquismo na bisbarra de Ferrolterra e este grupo municipal, veñen promovendo a instalación dun monumento que lembre os nomes de tódalas vítimas mortais da sublevación militar e da ditadura franquista entre os anos 1936 e 1976 en Ferrol- Eume-Ortegal, territorio especialmente afectado pola represión.

O pasado 29 de setembro do 2018, a proposta de Ferrol en Común, aprobouse polo Pleno municipal e sen ningún voto en contra a construción dun MEMORIAL que recollera a lista nominal de vítimas do franquismo nos territorios citados anteriormente. Esta lista foi xa elaborada polos Drs. H^a. Bernardo Maíz Vázquez e Xosé Manuel Suárez como propoñentes dun proxecto elevado para o seu coñecemento á Deputación e aos 21 concellos da área estudada e conta cunha moi fiable e competente base de datos das persoas represaliadas con nomes, datas, lugares...

No espírito de darlle continuidade ao procedemento iniciado polo goberno anterior para a construción deste memorial, está o feito de unir as vontades de persoas, colectivos e institucións de diversas localidades afectadas pola represión, tendo tamén o anhelo de que esta homenaxe en forma de monumento non pertenza a un espazo ideolóxico concreto senón que responda á pluralidade da sociedade, a todas as sensibilidades sociais e políticas comprometidas coa lembranza das vítimas da barbarie.

Esta iniciativa, promovida no mandato anterior, confórmase no abeiro da Lei 52/2007 de Memoria Histórica e atópase na liña da futura Lei de Memoria Democrática presentada polo actual goberno do Estado; encaixando do mesmo modo coa declaración institucional do Parlamento de Galicia do 18 de xullo de 2016, na que os grupos parlamentarios expresaron por unanimidade a súa condena do golpe de estado e subliñaron a *Importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo.*

Como xa se expuxo no seu momento, o monumento recollerá os nomes das vítimas e estará instalado nun espazo público que conste de relevancia significativa polo que representa, coma é o exterior do antigo Cemiterio de Canido, na rúa Navegantes, onde tiveron lugar mais de douscentos asasinatos de demócratas entre a sublevación militar de xullo do 1936 e finais dese ano e onde xa no 2006 instalouse unha placa conmemorativa.

Con este MEMORIAL preténdese render homenaxe perdurable ás mulleres e homes que entre 1936 e 1976 deron a súa vida na defensa da democracia, liberdade e igualdade.

É por iso, o Grupo Municipal de Ferrol en Común somete a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo pleno, na que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1. Darlle pulo aos trámites necesarios para a instalación dun Monumento/memorial que lembre os nomes de tódalas vítimas mortais da sublevación militar e da ditadura franquista entre os anos 1936 e 1976 en Ferrol- Eume-Ortegal. A súa ubicación será no exterior do antigo Cemiterio de Canido, na rúa Navegantes, nos arredores do IES de Canido.

2. Desenvolvemento do proxecto: Creación dunha Comisión Mixta formada por representación do Concello e investigadores, para o desenvolvemento teórico-práctico do proxecto, asesoramento histórico, suxerencias divulgativas e didácticas, elaboración e aprobación das listaxes de vítimas, procura e selección de materiais... Dita Comisión reunirse nun lugar, a determinar, pertencente ao Concello.

3. Concurso aberto: Consideramos importante que o Monumento polo seu significado público, monumentalidade e, principalmente, pola súa permanencia, sexa o resultado dun concurso aberto á cidadanía, no que se marcarán unhas pautas técnicas indispensables para a súa correcta instalación.

4. Inauguración: será o da unha homenaxe social ás vítimas da represión ao tempo que o da reivindicación dos valores democráticos, representados nas persoas que foron asasinadas pola ditadura franquista.

5. Dotar unha partida específica nos orzamentos 2021 para levar a cabo esta iniciativa.

Ferrol, 21 de setembro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común